

| | | | |
|---|--|--|----------------------|
| Comisión de ámbito ou de área de | | Ensinanzas Especiais, Ensinanzas de linguas de réxime especial | |
| Ficha de datos da actividade | | | |
| Nome (título da actividade) | Francés Intermedio I e II (nivel B1 do Marco) Temporalización: 2º cuadrimestre (febreiro - maio de 2010) | | |
| Área (seleccione unha) | Ensinanzas Especiais. Ensinanzas de linguas de réxime especial | | |
| Destinatarios (segundo a descrición que se pode ver nas respectivas caixas da aplicación de xestión da formación) | Ensinanza, familia, ciclo, curso ou materia | Educación infantil, primaria, educación secundaria | |
| | Corpos | Educación infantil, primaria, educación secundaria | |
| | Especialidade | Todas, con coñecementos previos equivalentes aos acadados ao rematar o 2º curso de francés da E.O.I.(nivel básico A2) ou un certificado equivalente (mínimo de 250 horas de formación previa). | |
| Modalidade (seleccione un tipo) | Curso | Prazas (con número) | 20 |
| Observacións ás prazas | | | |
| Criterios de selección | Os criterios xerais do plan anual de formación do profesorado. Pídense coñecementos previos equivalentes aos acadados ao rematar o 2º curso de francés da E.O.I.(nivel básico A2) ou un certificado equivalente (mínimo de 250 horas de formación previa). | | |
| Horas presenciais | Información: 58 | Posta en común: | Avaliación: 2 |
| Horas non presenciais (máx. 20 % do total) | Elaboración: | Posta en práctica: 0 | |
| Obxectivo 1º | Utilizar o idioma interactiva, receptiva e produtivamente con certa seguridade e flexibilidade, en situacións incluso menos habituais. | | |
| Obxectivo 2º | Comprender e producir textos orais ou escritos sobre temas xerais ou de interese persoal cun dominio razoable dun repertorio amplo de recursos lingüísticos sinxelos, nunha variedade formal e informal de lingua estándar. | | |

| | |
|--|--|
| <p>Obxectivo 3º</p> | <p>1. Comprensión oral.-Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles mais relevantes en textos orais claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o documento.</p> <p>2. Expresión e interacción oral.-Producir textos orais ben organizados e adecuados ao interlocutor e propósito comunicativo, e desenvolverse cunha corrección, fluidez e espontaneidade que permitan manter a interacción, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para planear o discurso ou corrixir erros e sexa necesaria certa cooperación por parte dos interlocutores.</p> <p>3. Comprensión de lectura.-Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles mais relevantes en textos escritos claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre temas xerais, actuais ou relacionados coa propia especialidade.</p> <p>4. Expresión e interacción escrita.-Escribir textos sinxelos e cohesionados, sobre temas cotiáns ou de interese persoal, e nos que se pide ou transmite información, se narran historias, se describen experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións, se xustifican brevemente opinións e se explican plans.</p> |
| <p>Contidos</p> | <p>Vida cotiá (festividades, horarios, etc.). Condicións de vida (vivenda, traballo, etc.). Relacións persoais (estrutura social e relacións entre os seus membros). Valores, crenzas e actitudes (institucións, arte, humor, etc.). Linguaxe corporal (xestos, contacto visual, etc.). Convencións sociais. Comportamento ritual (celebracións, cerimoniais, etc.).</p> <p>Identificación persoal. Vivenda, casa e contorna. Actividades da vida diaria. Tempo libre e lecer. Viaxes. Relacións humanas e sociais. Saúde e coidados físicos. Educación. Compras e actividades comerciais. Alimentación. Bens e servizos. Lingua e comunicación. Clima, condicións atmosféricas e medio ambiente. Ciencia e tecnoloxía.</p> |
| <p>Observacións e informacións adicionais</p> | <p>Material bibliográfico, fotocopias, material audiovisual, material funxible, e outros que poida prover o CFR.</p> <p>Impartir na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.</p> |